



Xabier P. DoCampo

Francisco Xabier Puente Docampo, coñecido popularmente como Xabier P. DoCampo, nado en Rábade o 5 de abril de 1946, é un mestre, escritor, contacontos, actor de teatro, guionista e promotor da lingua e a cultura galega, ademais de animador á lectura e experto en bibliotecas escolares.

Traballou como mestre en varios colexios e durante oito anos en Preescolar na Casa. Sempre relacionado cos movementos de renovación pedagóxica, pertenceu ao Consello de Redacción da Revista Galega de Educación. Deu cursos a profesores e relatorios en congresos sobre a didáctica da lingua e a literatura, sobre a lectura e a súa implantación escolar e social, sobre a narración oral, a súa estrutura, a súa influencia na literatura escrita e a súa utilización didáctica, tanto en Galicia coma fóra. Escribiu libros de texto para a escola e textos de ensaio didáctico e pedagóxico. Foi tamén actor e director de teatro e colaborou durante sete anos en Radio Nacional de España en Galicia como guionista e como director de programas de diverso tipo e formato.

Trátase dun dos grandes renovadores da literatura infantil-xuvenil galega.

En 1995 obtivo o Premio Nacional de literatura infantil e xuvenil por *Cando petan na porta pela noite*, seleccionada así mesmo como unha das cen mellores obras do século XX español, segundo a Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

2017-2018



A súa tarefa pedagóxica intégrase na chamada Nova Escola Galega.

Participou activamente na creación da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, de cuxa Xunta directiva formou parte durante cinco anos, dous deles como presidente. Tamén pertenceu ó Consello de Redacción da Revista Galega de Educación.

Colaborou semanalmente no programa da Radio Galega *Un día por diante* cun comentario literario.

Novela para practicar o gusto demorado pola lectura

Por Xoán Carlos Domínguez Alberte

Un deses libros nos que se gozenta o gusto demorado pola lectura é *A nena do abrigo de astracán*, recente produción narrativa de Xabier DoCampo, de fondo alento. Obra vagarosa na súaconstrución, o resultado é un produto literario que serve para botar luz nunha época marcada polas tebras.



A posta en escena lévase a cabo apenas transcorrido un decenio do masacre incivil que principiara a mediados do 36, no universo simbólico que constitúe a vila de Ribadaínsua. Un espazo de ficción onde se desenvolven uns dramáticos feitos, reais no denominador común do padecemento e da humillación de moita xente, de carne e óso, durante interminábeis décadas.

A propósito do espazo narrativo da historia, cómpre observar que é, en concreto, o propio lugar, a nomeada vila, a que se constitúe en protagonista e voz narradora do acontecido. Unha atinada e anovadora estratexia que semella servir de imprescindible elemento de enmarque para subliñar a frialdade dos afectos, coral e despersonalizadora, de toda unha época; de dominación, marcada, ao abeiro da orfandade, pola autarquía elemental da supervivencia da condición humana.

De aí que, no relato dos feitos, opere, a xeito de punto de fuga dunha irrespirábel atmosfera abafante, a recorrente presenza do sobrenatural —no fondo do espello ou no misterio dos faiados— no imaxinario popular, constringido pola ferinte coroa de espiñas do dogmatismo e da tamén implacábel intolerancia relixiosa. Ou asemade o contrapunto liberador, das modernas influencias culturais, representado na capacidade de evasión dunha realidade por completo hostil, que exerce o cinema na adolescente protagonista.



Así as cousas, a orde establecida imposta —non polos vencedores da guerra, no espazo galego, onde non houbo, senón polos executores da barbarie, que aquí tanto abundou— caracterizouse por unha realidade aparente, encubridora da mutilación, do medo ou da soidade, coma a impecábel estampa do retrato da cuberta.

Mais, por baixo desta capa de maquillaxe dunha falsa imaxe perfecta, latexa o auténtico pulso encuberto do sangue do pobo. Sobre quen -coa potestade suma do amparo da lei humana e da lei divina- se exerce a máis absoluta crueldade. Manifesta en múltiples rostros marcados pola marxinação: como a submisión da muller, o roubo de crianzas, a educación fascista, a delación, a pederastia ou as enormes desigualdades sociais.

Un universo reducido de horizontes pechados no que a xente era condenada a base de pecados de pensamento, obra e omisión. No que a loucura vale para fuxir de tanta asfixiante censura. E no que, dende logo, a salvación xa se conseguía mediante a penicilina, iso si, só ao alcance dos que tiñan poder.

[Fonte: Sermos Galiza](#)

“É o mundo a través da inocencia dunha nena” por Laura Tutor (El Ideal Gallego, 2017)

O escritor galego, autor do libro *Cando petan na porta pola noite*, co que gañou o Premio Nacional de literatura infantil e xuvenil, aterriza en A Coruña para presentar o seu novo libro *A nena do abrigo de astracán*.

A librería Lume acollerá este mércores a Xabier P. DoCampo ás 19.30 horas, xunto con Manuel Bragado, quenes manterán unha conversa cos asistentes ao evento, facéndolles partícipes dun coloquio sobre o libro e o motivo que lle levou ao autor a escribilo.



¿En qué se inspirou ao escribir a novela?

No coñecemento dunha nena que contaba películas á súa madrastra. Pero fóra de ahí foi a miña imaxinación a que me deu a inspiración, sobre todo ao contar unha historia que acontece nos anos 40. Esta etapa é moi inspiradora.

¿Como foi o proceso de creación do libro?

Foi moi longo. Foi un proceso de quince anos e medio. Hai moita reflexión e moitísima documentación. Comecei creando unha trama, pero ao longo do tempo iba cambiándoa, igual



que a súa estrutura. Debido a estes cambios e a un profundo traballo de documentación, foi un proceso longo pero moi enriquecedor.

¿Cara que tipo de público está dirixida a obra?

Cara todo tipo de público, pero especialmente ao público adulto. É unha novela de 400 páxinas e ten unha temática que non creo que entenden os nenos.

Sinala a Susana como “a nena que todo o ve”. ¿A que se refire con isto?

Susana vive nunha vila na que suceden moitos acontecementos, e ela está en medio de todos eles. O que ocorre e que cando eses mesmos acontecementos os ve un neno, o fai a través da inocencia, sempre tendéndose a ocultar en algo, e neste caso Susana o fai a través do cinema.

¿Diría que através da inocencia infantil se coñece mellor o mundo?

O mundo se coñece grazas á inocencia dos nenos e á sabiduría dos vellos.

¿Que papel xoga o cine na obra?

O cine se mostra como a cousa máis marabillosa que nunca existiu. Grazas a el se mostra a trama da novela, hasta o punto de que cada capítulo é o título dunha película de cine.

¿Que ensinanza lle gustaría transmitir?

Que a xente fose consciente do mal no mundo, recoñecendo os nosos erros para poder arremedialos.



[Fonte: El Ideal Gallego](#)

Xabier DoCampo presenta en Lugo “A nena do abrigo de astracán”


Emotiva foi a conversa que mantivemos onte na Librería Trama de Lugo con Pepe Coira e Xabier DoCampo arredor d’*A nena do abrigo de astracán*. Máis de medio cento de persoas ateigaron a librería lucense para recibir o que Coira definiu como “unha novela maior”, “unha novela realista que ofrece un cadro moi fiel dun momento da nosa historia, mais que tamén visita o territorio dos faiados da memoria e do fantástico, sen menoscabo de constituír unha grande homenaxe ao cinema contanto sete películas clásicas, todas proxectadas en Lugo durante os anos 47 e 48, os mesmos nos que se desenvolve a historia, ademais d’ *A noite do cazador*, que se cita na dedicatoria”.

Foi, Pepe Coira, tamén, quen desvelou a orixe da novela en 2002, cando DoCampo fora pregoiro das festas de Rábade, o concello onde naceu: “Agasalláronlle cun libro de



fotografías antigas onde aparecía unha nena pequena sentada que vestía un abrigo de astracán, a mesma foto que Xabier escolleu agora para ilustrar a cuberta do libro”. “Aquel día falamos da retratada, que resultou ser Susa, unha muller moi amiga da nosa casa, que para min sempre me parecera que era a quinta esencia do amor polo cine, xa que ninguén contaba as películas mellor ca ela. A historia de Susa prendeu en Xabier que comezou unha investigación asombrosa sobre o cinema en Lugo de finais dos corenta”. Rematou Coira definindo a DoCampo como “un mestre do contar en todas as súas expresións, dende a oral a teatral e radiofónica, dende a escrita a todas as manifestacións do relato”, “nesta novela maior conseguiu a partir de apenas unha anécdota mover e crear un mundo”.

Nas súas intervencións, Xabier confesou que “nunca vira unha nena tan triste como a daquela fotografía que coñeceu en Rábade”: “Pepe Coira contoume quen era e en febreiro de 2002 abríñ a libreta desta novela. Despois coñecín a Amparo, a nai dos Coira, e a Susa, a súa amiga, a quen gravei moitas horas coa súa historia. De aí naceu a novela que me levou quince anos de redacción nos que traballei sobre máis de cen películas de época, nos que consultei moitas veces a colección de El Progreso daqueles anos. Finalmente quedei con sete films. Non podía faltar unha película de John Ford nin unha infantil, O mago de Oz. Quixen abrir a novela cunha comedia, Historias de Filadelfia. Como tiña que estar A ponte de Waterloo, a preferida de Susa. Outras viñeron ao fío da trama da novela como Rebeca, A luz que agoniza ou A loba, que escollín para pechar a novela e abordar o tema do mal. Non creo na banalidade do mal, que me perdoe Hannah Arendt, como sinalei en Cando petan na porta pola noite, o tipo máis malo do mundo ten remorso”.



Referiuse Xabier aos personaxes, sobre todo aos femininos, como Paulina, Antonina, Engracia, Xaquina ou a propia Susana, “capaces de romper aquel tinglado de silencio, que constitúe outro dos temas principais da novela”, así como a outros como Isidoro, o alfaiate que preparaba os ollais, ou O Estorniño, que encarnan a bondade”. Falou DoCampo da memoria, “xa que nos faiados gardábase o oculto, aquilo que non se podía amosar, o que molesta. Subir aos faios da memoria é sempre encontrarse co oculto, como a voz do Estorniño”. Xustificou que a propia vila de Ribadaínsua encarnase a voz narradora para salientar o carácter coral da novela. Rematou as súas intervencións Xabier lembrando ao seu amigo Agustín Fernández Paz: “aínda que el dicía que todas as novelas están escritas cos fíos da vida, eu engadiría que a literatura, as novelas nacen desfianando a vida, que é o que facemos a posteriori de ter vivido”.

[Fonte: Brétemas](#)



¿Quieres conquistar unha illa misteriosa?

Por Ramón Nicolas

Ningunha obra literaria é inocente, nunca o é, nunha ou noutra dimensión. Tras *O libro das viaxes imaxinarias* (2008) e *O país adormentado* (2012) abrazo a convicción de que Xabier P. DoCampo segue a manexar con habilidade esa rara virtude, por infrecuente, de converter as súas pezas narrativas en propostas susceptibles de moitas lecturas e interpretacións, todas elas diversas e lexítimas segundo quen se achegue a elas, claro é, mais en todas elas a historia que se relata atesoura sempre algo máis.

A nena do abrigo de astracán, ao meu ver, así o testemuña e ese é un dos seus grandes méritos. O libro, feito a lume manso e contado maxistralmente cunha voz que se corresponde á vila na que acontecen os sucesos e que, ao tempo, é coral, pódese ler como unha novela que retrata a vida cotiá dunha vila galega da posguerra pero difícil é quedar nesa lectura aséptica pois a súa plasticidade e honestidade atrapa axiña o sentimento de quen se achegue a ela: actívanos e promove a nosa participación. Poboada con personaxes sólidos difíciles de esquecer, aliméntase de múltiples historias aínda que a substancial pivote arredor das vivencias dunha nena que sofre en carne propia un estado de cousas que non chega a comprender e será no cine onde atope acougo ao seu espírito, arte á que se lle tributa unha homenaxe extraordinaria a través de sete escollidos títulos clásicos que balizan a estrutura do libro e que se convierten en relatos acaídos a cada momento e intensidade da historia. Sería inxusto non destacar, amais do rexistro expresivo envexable, como DoCampo fai que vexamos con naturalidade cousas máxicas que poden ocorrer cun espello no que se mira unha nena ou como nos faiados das casas de Ribadaínsua –territorio que xa acada o rango de espazo literario singular- hai voces, consciencias e presenzas dos xa non están pero están. DoCampo, en fin, constrúe un mosaico con teselas que teñen escritas palabras como son poder, silencio, abuso, indiferenza, medo, violencia, escurantismo, impunidade, insensibilidade diante da dor e tamén condición humana e dignidade. Todo esencializado cando se alude á imaxe dun ovo: o ovo do medo que se choca e do que sae o mal.



Na presentación dun libro seu o autor afirmaba que ler era conquistar unha illa misteriosa. Arremedando a súa sentenza a lectura deste libro supón, talvez, conquistar e entender o noso pasado, de onde vimos, como pesa a historia en nós e con canto silencio houbo que vivir. Eu animo, vivamente, a coñecela.

[Fonte: Caderno da Crítica](#)



Aqueles anos 40 e as tres mortes

por Xosé Manuel Eyré

Tiña catro anos cando Susana vai vivir cos padriños a Ribadeínsua. Ela e Aurelio, que traballará nos almacéns da familia, e tamén Fernando, mais este non vivirá na casa dos padriños de Susana: irá ao seminario para facerse cura. Así comeza esta novela de Xabier P. DoCampo para adultos. Unha novela de longo percorrido, 15 anos lle custou rematala, que retrata a vida na vila de Ribadeínsua na segunda metade dos anos 40, aqueles anos miserentos no económico e no social, menos de dez anos despois da fin da Guerra Civil, o golpe de estado franquista. “Foron tres acontecementos tráxicos que sucederon coma unha maldición que caese enriba de nós” (11) e que o narrador non está disposto a esquecer, “a memoria dos sucesos permanece por enriba de que as persoas se resistan a lembralos e, máis aínda a relatalos” (12). Precisamente a movela consiste na re-creación dese ambiente atafegante no que non se pode falar de determinadas cousas, é mellor mirar para outro lado, soterralas no faiado. Ir acumulando mortos no faiado e mirar para adiante sen cuestionarse nada fóra do réxime de cousas establecido. Iso é o que se fai en Ribadeínsua.

Porén, mirar para outro lado non serve de nada porque os mortos sempre piden xustiza. Xa acontece co suicidio de Isidoro, alfaiate de comportamento sexual impropio mais do que non fai ostentación, boa persoa e amigo de Susana, coa que comenta os filmes que se proxectan no cinema local. O ambiente irrespirábel que vive Ribadeínsua, reclúeo na súa casa e, aínda así, rematrará por levalo ao suicidio. Un suicidio que a sociedade de Ribadeínsua non se cuestiona, que toma como algo natural, vista a natureza do morto. Agás Susana, que non entende esa morte. Unha Susana que ten un segredo, mírase no espello até que o que ve non é a súa imaxe reflectida, senón a da súa nai. Todo o que ama Susana está nese espello. A escusa, que non a pille a madriña, que non lle gustrá nada e a porá por presumida. A figura da madriña ten unha importancia central na novela, a ela é a quen lle conta Susana os filmes que vai ver no cinema, sete en total e que dan título a cada capítulo da novela, agás unha vez que lla conta ao padriño, personaxe que cobrará importancia no remate da novela. Muller das sete misas, é a encarnación do que tiña que ser unha muller “do réxime”, falsamente piadosa, falsamente caritativa e moi interferida polo “que dirán”.



Mais son tres as mortes que estruturan a novela. Da primeira, a de Isidoro, xa falamos, porén fican dúas máis, a cada cal máis vergonzante. A primeira é de Engracia, compoñedora e sabedora de remedios naturais que poñen por meiga é que lle incendian a



casa con ela dentro. Morre queimada. Ovidio Ures, para cuxa familia traballara de moza, non parará até que a Engracia lle dean un enterrro xusto, pois foi enterrada de calquera maneira e non en sagrado. Este notario da Capital, nas súas vixes a Ribadeínsua, terá boa ocasión de coñecer a sociedade local, unha sociedade que, como nos debuxos de Antonina, outra inxustamente marxinaada porque é o interese do irmán (mutilado e franquista convencido) que así sexa, parece que só se quere ver de costas, que lle custa un mundo enfrontar as súas propias caras. Unha sociedade encabezada polas “forzas vivas”, é dicir: o alcalde, o cura e o mando da garda civil. Mais sobre todo o cura, el é quen dirixe e quen decide, e resulta unha personaxe central na novela. Négase e recoñecer as aparicións da Virxe a Fermina, que será recluída nun convento de clausura, todas as personaxes boas e inocentes serán apartadas da sociedade dalgunha maneira en Ribadeínsua. E tampouco debería quedarlle a conciencia tranquila coa terceira morte.

A terceira morte é a de Fernando, de quen abusan no seminario até que non lle queda outra que suicidarse. Coma sempre, encóbrese esta morte, ficando os malos por bos como consecuencia de terxiversación dos feitos. A madriña de Susana, a principal interesada en que saíra cura, dá por boas todas as mentiras que lle contan as autoridades eclesiásticas e renega do rapaz. Só Susana e Aurelio, os irmáns, poñerán en cuestión a “verdade oficial”. Esta morte, nin que dicir ten, afecta moito á rapaza, até tal punto que nin no espello atopará consolo, e aí se decide o remate da novela, unha novela na que Xabier P. DoCampo nos regala unha vez máis o seu excelente oficio narrativo, o saber contar dun narrador experiente que é unha das máximas figuras da nosa literatura.

E, no medio, sempre Susana, a nena do abrigo de astracán, ela, a súa bondade, o seu espello, e os seus filmes, que lle abren o mundo, que lle deixan ver que o mundo non se reduce a Ribadeínsua. Historias de Filadelfia, Luz que agoniza, O mago de Oz, Rebeca, A ponte de Waterloo, Como era verde o meu val e A loba, son os filmes que Susana contará principalmente á súa madriña (o derradeiro ao seu padriño) e que dan título a cada capítulo da novela. Todos filmes dos anos 40 que engaiolan a Susana, quen os conta con verdadeira paixón e onde se nota moito a experiencia de Xabier P DoCampo como narrador. Eles, os filmes, son o outro espello, que por contraste retrata a sociedade hipócrita de Ribadeínsua, moi afeitada a mirar para outro lado cando a traxedia a sacode, nada dada a facerse según que preguntas en determinados momentos, unha sociedade amordazada polos intereses da Igrexa que, de mans dadas co poder político (alcalde) e “militar” (garda civil) gobernan Ribadeínsua a fin de perpetuarse no tempo sen a máis mínima disidencia aos costumes da orde establecida.

Ocasión inmejorable para gozar da narrativa de Xabier P. DoCampo, esta vez para adultos, adultos que se fagan preguntas, adultos que non lean por ler e reflexionen sobre o lido. As cousas foron como foron e temos que interesarnos en porque foron desa maneira e non doutra máis humana.

[Fonte: Ferradura en Tránsito](#)



«A proba de que a posguerra non está esquecida é que non somos capaces de enfrontarnos a ela»

Entrevista con Xavier P. DoCampo

«Tratamos de que as vítimas permanezan nas cunetas. Ninguén pode esquecer se viviu escoitando aos seus pais falar da desaparición de alguén do que nunca se soubo máis»

A vida na posguerra nunha vila galega, Ribadeínsua, e dunha pequena que escapa da súa maldade a través do cinema é a protagonista da última novelade Xabier DoCampo, *A nena do abrigo do astracán*. A obra, unha das poucas do autor dirixidas ao público adulto, presentarase este mércores ás 19.30 horas en Lume, como remate á década de traballo que o autor ten botado inmerso nela.

Quince anos de escritura para rematar esta novela. Vostede di que non se podía facer en menos.

Eu concretamente non puiden! É certo que no medio escribín outras dúas, pero estiven durante todo ese tempo dándolle voltas a esta historia. A estrutura foi complicada, e necesitei unha documentación amplísima, que me levou moito tempo conseguir. Vin máis de setenta películas que puideran entrar na novela? Todo iso vai alongando.

Pensou en deixala?

En abandonala non pensei nunca. Pregúntasmo agora e decátome. Nunca pensei en abandonar esta novela, o que si cheguei a pensar é que ao mellor non era quen de escribila [ri], que é totalmente distinto.

A obra sitúase nuns anos corenta que vostede tamén viviu, axudouse das súas vivencias para recrear o ambiente?

Si. Eu nacín no 46, pero recordo todo canto poño alí. Ribadeínsua é unha especie de Macondo que eu creo a base das vilas da miña infancia, e de onde fun sacando as miñas vivencias daquel tempo.

Nese ambiente vive Susana, a nena do abrigo de astracán. Teño entendido que existiu.

Si. A min regaláronme un libro de fotos da vila onde nacín. Alí vin unha fotografía, falei co amigo que a puxera no libro, e el contoume a historia desa nena que ía tanto ao cine. Iso foi polo ano 2001. No 2002 púxenme a traballar, e tiven unha entrevista con ela de onde saquei preto de tres horas de gravación.

Que lle chamou tanto da imaxe como para dar pé a unha novela como esta?





A fotografía é impresionante. Cando a vin, estaba a miña muller ao meu lado, e o primeiro que lle dixen foi: “A que nunca viches unha nena máis triste ca esta?”. Desa tristeza é de onde quixen tirar.

Ela é a protagonista, pero podería dicirse que o verdadeiro eixo da historia é o mal.

Claro. Hai un momento no que me decatei de que esta nena está vivindo no medio dun mal que se apoderou de todos os habitantes desta vila despois da guerra. No medio do silencio, a negación, o axuste de contas? E con elementos como a Igrexa, que pretendía conquistar o poder. Ese mal era o que eu quería pór de manifesto, porque penso que a maldade existe, que somos os seres humanos os que nos portamos dun xeito ou doutro e que somos responsables.

A súa obra é relacionada con outra que escribiu hai uns anos, *Cando petan na porta pola noite*, pola súa reflexión sobre a culpa. É un tema que lle interesa?

Si. É unha cuestión que está moito no meu pensamento, a culpa e o remordemento. Con algún dos contos de *Cando petan na porta pola noite*, ten esa relación de recoñecer o mal e de ver que existe. É un elemento que está en toda a vida que vivín. Sempre recoñecín o mal e o ben e, por tanto, tiven a oportunidade de optar por unha maneira ou outra de actuar. Supoño que todas esas persoas que eu retrato tamén a tiveron, e optaron pola maldade.

Tamén lle interesa a memoria. Temos esquecido o período da posguerra?

A proba de que non está esquecido, por máis que de cando en vez se diga, é que non somos quen de enfrontarnos a el, e que tratamos de que permanezan nas cunetas aínda as vítimas do mal que houbo. Iso é un xeito de ter unha actuación absolutamente indigna, é negarlles o recordo e a memoria. Moitas veces se ten falado do esquecemento e o perdón. Ben, todos os perdóns que queiras, pero unha vez que puxeche as cousas na situación de seren esquecidas. Ninguén pode esquecer se toda a vida viviu escoitando aos seus pais ou veciños falar da desaparición de alguén do que nunca se soubo máis. A memoria actúa dentro da culpa, roe e corroe ata que alguén se enfronta ao recordo como o ten que facer, con humildade e recoñecemento da dignidade da vítima.

[Fonte: La Opinión de A Coruña](#)



Para saber máis:

[Faro de Vigo](#)

[Entrevista na Radio Galega](#)

[Entevista no programa Con Voz](#)

[Arquivo documental das Tertulias Literarias \(dende 2010\)](#)

Biblioteca Central Rialeda
Avenida Rosalía de Castro 227 A
15172 – Perillo (Oleiros)
Tfno.: 981 639 511
Fax: 981 639 996

Email: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>

O copyright das imaxes utilizadas pertence aos/ás seus/súas respectivos/as autores/as

2017-2018